

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE E A ASOCIACIÓN MAROLA FUTBOL CLUB PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE FOMENTO DA PRÁCTICA DEPORTIVA PARA PERSOAS MENORES INTERNADAS NOS CENTROS DE REEDUCACIÓN DE CONCEPCIÓN ARENAL, MONTELEDO, MONTEFIZ E AVELINO MONTERO E DE SOPORTE Á AUTONOMÍA DAS PERSOAS MOZAS QUE REMATAN O CUMPRIMENTO DAS MEDIDAS DE INTERNAMENTO EN CENTROS DE REEDUCACIÓN.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O artigo 45.1 da lei orgánica 5/2000, reguladora da responsabilidade penal dos menores, atribúe ás comunidades autónomas a execución das medidas adoptadas polos xuíces de menores nas súas sentenzas firmes para o que levarán a cabo, de acordo coas súas respectivas normas de organización, a creación, dirección, organización e xestión dos servizos, institucións e programas axeitados para garantir a correcta execución das medidas previstas nesta lei.

A Consellería de Política Social e Xuventude, a través da dirección xeral con competencias en materia de familia, infancia e dinamización demográfica, ten asumidas entre as súas competencias, segundo o artigo 14 do Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude, a protección e tutela dos/as menores en situación de risco ou desamparo e a execución das medidas ditadas polos xulgados de menores, nos termos establecidos na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores.

O artigo 55 da LORPM dispón que toda a actividade dos centros nos que se executen medidas de internamento estará inspirada polo principio de que o menor internado é suxeito de dereito e continúa formando parte da sociedade. En consecuencia, a vida no centro debe tomar como referencia a vida en liberdade, favorecendo a colaboración e participación de entidades públicas e privadas no proceso de integración social.

A asociación MAROLA FUTBOL CLUB é unha entidade privada con personalidade xurídica e capacidade de obrar, integrada por persoas físicas ou xurídicas, con personalidade xurídica propia e capacidade de obrar, con domicilio na Comunidade Autónoma de Galicia, inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de Política Social co nº E-6550, que orienta o seu labor ao fomento e impulso da práctica continuada dunha ou varias modalidades deportivas, así como a participación en actividades e competicións deportivas calquera que sexa o seu nivel e destinatario, ademais da promoción do deporte e a educación a través do mesmo, e a integración social das persoas mozas en risco de exclusión social, especialmente dos internos nos centros de menores.



En cumprimento dos seus fins a Asociación MAROLA FUTBOL CLUB, puxo en marcha no ano 2013 un proxecto destinado ao promover a práctica deportiva no centro Concepción Arenal a partir da creación dun equipo de fútbol sala formado por internos do centro, que serve de complemento para a inserción e formación dos menores participantes. Así mesmo, como resultado da experiencia acadada, desenvolve dende o ano 2016 un programa de apoio á autonomía dirixido a un grupo de internos, entre 18 e 25 anos de idade, que unha vez finalizada a súa estancia nun centro de internamento pasan a residir na cidade da Coruña, facilitándolles o apoio necesario para favorecer a súa emancipación, facilitándolles unha vivenda e cubrindo as súas necesidades de manutención, naqueles casos en que o regreso da persoa moza a súa contorna socio familiar sexa prexudicial para os fins de reinserción social.

Cabe mencionar que o artigo 31.2, en relación co artigo 55, da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, habilita, por razóns de interese público e debidamente xustificadas, a subscrición de convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrencia pública, como é o caso.

De acordo co establecido no artigo 2.1.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o proxecto financiado ten por obxecto o fomento e desenvolvemento dunha actividade de interese social en canto vai destinado a satisfacer as necesidades inherentes ás persoas menores e mozas que cumpren medidas privativas de liberdade nos centros de reeducación de Concepción Arenal, Monteledo, Montefiz e Avelino Montero, favorecendo a súa integración social mediante a súa participación en actividades deportivas así como a inserción socio laboral de aqueles que sendo maiores de idade finalizan o cumprimento dunha medida de internamento en calquera dos centros de internamento da Comunidade Autónoma e pasan a executar unha medida non privativa de liberdade e non contan co soporte socio familiar necesario e por tanto carecen de vivenda e recursos para a súa manutención.

O interese social do proxecto que ven levando a cabo a Asociación MAROLA FUTBOL CLUB xustifica que a axuda se veña tramitando dende o ano 2017 por medio dunha concesión directa, de conformidade co establecido no artigo 19.4 c) da lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a través da formalización dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Xuventude e a dita entidade no desenvolvemento do programa destinado a promover a práctica deportiva dos internos dos centros de reeducación de Concepción Arenal, Monteledo, Montefiz e Avelino Montero, así como o tránsito a autonomía e a inserción socio laboral das persoas mozas, de idades comprendidas entre 18 e 25 anos, que finalicen o seu internamento nun centro, facilitándolles o acceso a unha vivenda e cubrindo a súa manutención, naqueles casos nos que e o seu entorno



socio familiar non reúna as condicións necesarias para facilitar a súa inserción socio laboral.

A través deste programa as dúas partes establecen o marco dunha colaboración mutua de cara á consecución do obxectivo prioritario deste convenio; a integración social dos mozos en risco de exclusión social, especialmente dos internos nos centros de menores.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos comprendidos na normativa en materia contractual, ou outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

O convenio de colaboración cuxa tramitación se inicia terá vixencia dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2023, sen prexuízo de que as actuacións que constitúen o seu obxecto se iniciasen no mes de xaneiro de 2023.

Este convenio de colaboración ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre a Consellería de Política Social e Xuventude e a Asociación MAROLA FUTBOL CLUB para o financiamento do programa que leva a cabo durante o ano 2023 dirixido a facilitar o tránsito a autonomía e a inserción socio laboral das persoas mozas, de idades comprendidas entre 18 e 25 anos, que finalicen o seu internamento nun dos centros de reeducación desta comunidade autónoma, inicien o cumprimento dunha medida non privativa de liberdade, cubrindo as súas necesidades de manutención e aloxamento, naqueles casos nos que e o seu entorno socio familiar non reúna as condicións necesarias para facilitar a súa inserción socio laboral.

Así mesmo, traballarase, na medida en que a situación sanitaria o permita, na práctica deportiva dos internos dos centros de reeducación de Concepción Arenal, Monteledo, Montefiz e Avelino Montero mediante a súa inclusión nas actividades do club como medio para o establecemento de pautas de comportamento saudable.

O programa da entidade non leva consigo a realización de actuacións referidas á execución das medidas xudiciais.

Son beneficiarios das actividades do programa os internos que estean cumprindo medidas privativas de liberdade nos centros de reeducación de Concepción Arenal, Monteledo, Montefiz e Avelino Montero e se incorporan ás actividades deportivas do club.

Así mesmo, son beneficiarias do programa, aquelas persoas mozas entre 18 e 25 anos, sometidas á LORPM, desinternadas dun centro de reeducación desta Comunidade Autónoma que unha vez finalizado o internamento inician o cumprimento dunha medida non privativa de liberdade contemplada no artigo 7 da LORPM, están desempeñando algunha actividade laboral ou formativa, e non





contan cun soporte familiar e polo tanto, tampouco con vivenda, nin con medios para a súa manutención, ou o seu entorno socio familiar de referencia é prexudicial para os fins de reinserción social. No caso de que a súa evolución sexa positiva, estas persoas mozas poderán beneficiarse do programa unha vez rematada a medida non privativa de liberdade en tanto non finalice a súa formación.

En ambos os dous casos os beneficiarios están cumprindo unha medida xudicial imposta en aplicación da LORPM. No caso dos maiores de idade trátase dunha medida imposta pola comisión de feitos tipificados como delito cometidos cando eran menores de idade.

Este convenio se axusta ao establecido nos artigos 49 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público así como ás previsións contidas na lei 9/2007, do 13 de xuño, de normas reguladoras de subvencións de Galicia e o Regulamento que a desenvolve.

O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica
Jacobó Rey Sastre

